

FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

ESTATUTOS

CAPITULO I DISPOSICIÓN XERAL

Artigo 1º - Denominación, natureza, ámbito e domicilio


- 1 A Fundación Refuxio de Animais (en diante a Fundación), é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, que ten afectado de forma duradeira o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se detallan no artigo 6 destes estatutos.
- 2 O ámbito territorial da Fundación é o do municipio de Santiago de Compostela, sen prexuízo de que estenda as súas actuacións á zona de influencia que poida determinarse dentro da Comunidade Galega.
- 3 O domicilio da Fundación radica en Bando, en Santiago de Compostela (A Coruña).
O domicilio poderá ser trasladado mediante acordo do Padroado da Fundación, conxuntamente as disposicións que resulten aplicábeis.
A Fundación poderá establecer delegacións ou centros naqueles lugares en que desenvolva as súas funcións.

Artigo 2º.- Duración

A Fundación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3º.- Réxime normativo

- 1 A Fundación rexerase por estes estatutos, polos regulamentos que establezan a súa organización e funcionamento e polas disposicións legais que lle sexan aplicábeis, en concreto, pola Lei do Parlamento de Galicia 7/1983 do 22 de xuño, reformada parcialmente pola Lei 11/1991, do 8 de novembro de réxime das fundacións de interese galego, e polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego.
2. Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicábeis da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; polas normas regulamentarias que a desenvolvan, pola Lei 49/2002 do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado; polo R.D. 1270/2003 do 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado; así como polo resto das disposicións legais de dereito civil, mercantil, laboral ou administrativo que sexan de aplicación.



Artigo 4º.- Personalidade e capacidade xurídica

- 1 Para o cumprimento dos seus fins e en defensa dos seus intereses e dereitos, a Fundación terá plena capacidade xurídica e de obrar. En consecuencia, con carácter enunciativo e non limitativo, poderá adquirir, posuír, reivindicar, permular, gravar e allear toda clase de bens, realizar contratos, obrigarse, promover, seguir, opoñerse e desistir dos procedementos que fosen oportunos, exercer as accións, excepcións e recursos que segundo a lei lle correspondan ante toda clase de tribunais, organismos, corporacións, autoridades competentes e entidades, tanto de dereito público como de dereito privado e, en xeral, todos os actos necesarios para conseguir, ao alieiro da lexislación aplicábel a cada suposto os obxectivos establecidos nestes estatutos.
2. A Fundación continuará coa personalidade xurídica adquirida desde a inscrición da súa escritura pública de constitución no rexistro correspondente.

Artigo 5º.- Obxecto

- 1 A Fundación ten como obxecto principal a xestión do Refuxio Municipal de Animais do Concello de Santiago e, complementariamente, a realización de actividades de xestión, coordinación, asesoramento, docencia e investigación en materia de coidados e asistencia dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, promovendo eficacia, eficiencia e seguridade dos animais e do seu contorno.
- 2 Todas as actividades que constitúen o obxecto fundacional desenvolvanse con suxección ós criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas do Concello de Santiago.

Artigo 6º.- Actuacións

- 1 Para a obtención dos fins da Fundación prevense a título orientativo, as seguintes actuacións:
 - a) Xestión e coordinación das demandas de asistencia de animais necesitados de protección, do seu ingreso no Refuxio, permanencia e saída así como da atención ao público nestas instalacións e das solicitudes de adopción.
 - b) Xestión e coordinación da atención aos animais no Refuxio Municipal de Animais, tanto no que afecta ás súas condicións sanitarias, de alimentación, identificación, socialización e demais coidados, como no que toca ás medidas relativas ao control de poboación e eutanasia que sexan necesarias.
 - c) Xestión e mantemento das instalacións do Refuxio Municipal de Animais en todos os aspectos sanitarios e de condicións físicas do espazo.



- d) Realización de medidas encamiñadas a promover as boas prácticas no trato dos animais e a adopción dos animais abandonados.
 - e) Eliminación dos subprodutos animais e doutros residuos que poidan producirse
 - f) Difusión dos servizos que presta o Refuxio Municipal de Animais
 - g) Asesoramento sobre as cuestións relativas ao seu obxecto
 - h) Colaboración coas administracións, corporacións, entidades ou particulares en calquera cuestión relacionada coas súas competencias e co obxecto da Fundación
2. O obxecto fundacional poderá realizarse de maneira directa ou a través de contratos concertos e convenios de colaboración con terceiras persoas
3. A Fundación, en cumprimento dos seus fins, estará obrigada a dar publicidade suficiente dos seus obxectivos e actividades

Artigo 7º.- Dos beneficiarios

Serán beneficiarios da Fundación todas as persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas, que demanden os servizos incluídos nos seus fins

A determinación dos beneficiarios será efectuada polo padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación

CAPÍTULO II

Artigo 8º - Órganos da Fundación

A Fundación estará rexida polo Padroado, órgano de goberno, control e representación, que estará integrado polo presidente o vicepresidente os vocais e o secretario

Serán órganos de xestión da Fundación o director e os cargos directivos que determinán estes estatutos

SECCIÓN PRIMEIRA - O Padroado



Artigo 9º.- Composición

- 1 O Padroado é o órgano de goberno superior da Fundación que asume o seu control e representación e compórase dos seguintes membros:
2. Cargos do Padroado:
 - a) Presidente: será o Alcalde do Concello de Santiago;
 - b) Vicepresidente: será o Concelleiro do Concello de Santiago da área á que está adscrita o refuxio de animais;
 - c) Vocais:
 - Un vocal concelleiro designado por cada un dos grupos políticos con representación no Concello
 - O Director da Fundación
 - Ata dez persoas elixidas polo Pleno da Corporación do Concello de Santiago de entre as persoas previamente designadas membros colaboradores
 - Un representante por cada un dos Concellos, limítrofes a Santiago ou pertencentes á Mancomunidade da Área de Compostela, que se incorporen á Fundación consonte ao establecido no artigo 9 ter
 - d) Secretario: será designado polo Padroado de entre os propios patróns por maioría simple
- 3 O cargo de patrono que recaiga en persoa física deberá exercerse persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrono designado por el nos supostos contemplados na normativa galega vixente. Esta actuación será sempre para actos concretos.
O nomeamento de patróns, tanto para completar o número máximo de membros como para cubrir as vacantes que se produzan, será competencia do padroado. A substitución dos patróns comunicáraselle formalmente ó protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións
- 4 Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional en documento público independente ou en certificación do padroado, coas sinaturas do secretario e do presidente e comunicárase formalmente ó protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións
- 5 Os patróns exercerán o seu cargo sen que, en ningún caso poidan percibir retribución polo desempeño da súa función, se ben terán dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione



- 6 O padroado quedará composto por un mínimo de tres membros e un máximo de vinte. O primeiro padroado será o designado na escritura de constitución.
- 7 Os patróns desempeñarán as súas funcións por períodos de catro anos, renovándose por metade cada dous anos podendo ser reelixidos. A primeira renovación efectuarase no ano 2008.

Artigo 9º.bis.- Membros colaboradores: Serán aquelas persoas físicas ou xurídicas que polas súas aportacións persoais e/ou económicas ou por razón do seu cargo, poidan contribuír a unha mellor consecución dos fins fundacionais.

Artigo 9º.ter.- Outros Concellos: O Padroado da Fundación decidirá por maioría a integración dos concellos limítrofes a Santiago ou da Mancomunidade da Área de Compostela que o soliciten, previo acordo dos seus respectivos plenos municipais, establecendo as aportacións aos gastos de funcionamento en proporción ó seu número de habitantes de dereito.
O período mínimo de permanenza destes Concellos será de dez anos.

Artigo 10º.- Cesamento dos patróns


O cesamento dos patróns producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade de acordo co establecido na lexislación.
- c) Por cesamento no cargo ou función que causou o seu nomeamento, sen prexuízo da súa substitución polo novo titular do cargo.
- d) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia esixíbel, logo de que esta circunstancia sexa declarada en resolución xudicial.
- e) Polo transcurso do prazo do seu mandato, sen prexuízo da súa reelección.
- f) Por renuncia, que producirá efecto desde o momento en que se notifique formalmente ó órgano de goberno.

O cesamento no cargo dos patróns comunicarse formalmente ó Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

Artigo 11º - Funcións do Padroado

- 1 Determinar os criterios de actuación da Fundación dentro do marco fixado polos estatutos.



- 2 Adoptar as medidas e disposicións convenientes para garantir o mellor cumprimento dos fins establecidos
- 3 Aprobar os orzamentos anuais da Fundación, así como os plans xerais, económicos, financeiros, operativos, de obras e investimentos e a súa periodización anual, dentro dos dévanditos orzamentos
- 4 Aprobar o inventario e o balance anual así como a liquidación do orzamento e da conta de resultados consecuencia da xestión asistencial e económica da entidade
- 5 Nomear o director e fixar as relacións contractuais con el. Nomear os cargos directivos e fixar as súas atribucións
- 6 Autorizar a política de persoal e o réxime retributivo e, en particular aprobar o cadro de persoal fixando os criterios para a provisión dos postos
- 7 Adoptar os acordos de disposición e gravame sobre os bens móbiles e inmóbiles que constitúan o patrimonio da Fundación
- 8 Autorizar os contratos de obras
- 9 Aprobar os contratos de servizos e subministracións da Fundación. Esta función poderá ser delegada no director ata o límite que fixa o propio Padroado
- 10 Aprobar a memoria anual da Fundación
- 11 Aprobar os acordos ou convenios que considere de interese para a mellor consecución dos seus fins
- 12 Adoptar a imaxe corporativa da Fundación e autorizar o seu uso
- 13 Aprobar os criterios de facturación e de ordenación de pagamentos propostos polo director
- 14 Acordar o exercicio das accións e excepcións, así como dos recursos e reclamacións xudiciais e administrativas, que considere oportunos en defensa dos dereitos e intereses da Fundación
- 15 Aceptar doazóns cando comporten algunha condición ou modalidade onerosa, así como legados e herdanzas a beneficio de inventario. Non obstante para rexistralos é precisa a autorización expresa do projectorado
- 16 Aprobar a estrutura e o organigrama da Fundación, con indicación das distintas áreas e órganos de apoio á dirección, determinando as funcións e responsabilidades dos directores de cada unha delas



17 Con suxeición á normativa vixente, o Padroado poderá conformar apoderamentos ou delegar as súas funcións no director da Fundación, en comisións ou comités que se constituían e noutros cargos directivos da Fundación, así como encomendar a entidades aspectos concretos da xestión

18 As demais funcións que lle encomenden os estatutos e a normativa vixente na materia

Artigo 12º - Funcionamento, convocatoria e acordos

- 1 Periodicidade das sesións: o Padroado reunirse en sesión ordinaria polo menos dúas veces ao ano, nas que se tratarán, respectivamente os orzamentos e as contas anuais da Fundación

O presidente poderá convocar ó Padroado a reunións extraordinarias cando o considere oportuno e, en calquera caso, sempre que así o soliciten por escrito a metade máis un, cando menos, dos patróns nomeados. A solicitude dos patróns terá que especificar os asuntos que deba incluír a orde do día. As reunións así solicitadas terán que realizarse dentro dos quince días seguintes a que o presidente reciba a solicitude escrita da convocatoria

- 2 Convocatoria: para a válida constitución das sesións requírese a convocatoria por escrito dirixida a cada membro, na que se expresará a orde do día, o lugar e a hora da sesión notificada con cinco días de antelación. En caso de sesións extraordinarias, a convocatoria poderá realizarse con vintecatro horas de antelación por un medio que permita deixar constancia. Así mesmo, considerárase constituído o Padroado en sesión extraordinaria cando ao estaren presentes a totalidade dos seus membros así o acordan.

- 3 Acordos: para que quede validamente constituído o Padroado requírese a concurrencia, mediante presenza ou representación, da metade máis un dos membros

Os acordos, adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente

Non serán válidos os acordos que non consten na orde do día da convocatoria, agás que estando presentes todos os membros, unanimemente o Padroado acordo incluír un punto que ampare a súa adopción

O Padroado deberá remitir copia dos acordos adoptados ao Protectorado de Fundacións no prazo de vinte días desde a súa adopción

Artigo 13º - Presidente



Correspóndelle ao presidente do Padroado no marco da normativa vixente, as seguintes funcións:

- 1 Exercer a representación da Fundación e do seu Padroado
- 2 Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións, arbitrar as deliberacións do Padroado e desfacer os empates co seu voto de calidade
- 3 Autorizar a asistencia doutras persoas ás reunións do Padroado en calidade de acompañantes dos membros, se a súa presenza se considere conveniente pola natureza das cuestións que se van debater
- 4 Supervisar as operacións da Fundación e presentar ao Padroado os informes que considere oportunos
- 5 Exercer, en caso de urxencia, toda clase de accións, excepcións e recursos xudiciais e administrativos en defensa dos dereitos e intereses da Fundación o informar deles na primeira sesión do Padroado
- 6 Calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo Padroado de conformidade co disposto na normativa vixente

Artigo 14º - Vicepresidente

Son funcións do vicepresidente: Substituír ao presidente e exercer as súas funcións en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da fundación nequeles supostos en que así se determine por acordo do padroado.

Artigo 15º.- Secretario

Realizará a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias por orde do presidente, redactará e autorizará as actas das sesións e expedirá as certificacións dos acordos co visto e prace do presidente. No caso de vacante, ausencia ou enfermidade será substituído polo vocal de menor idade do Padroado

SECCIÓN SEGUNDA. O director da Fundación

Artigo 16º - O director

- 1 O Padroado nomeará un director, que será o órgano unipersonal de xestión superior da Fundación.
- 2 A Fundación formalizará co director un contrato laboral adecuado ao seu labor funcional. En ningún caso a duración do contrato deberá exceder de 4 anos prorrogábeis por acordo das partes e consonte as disposicións aplicábeis



Artigo 17º - Funcións do director

Corresponderanlle ao director no marco da normativa vixente, as seguintes funcións:

- 1 Executar e facer cumprir os acordos do Padroado e as instrucións do presidente impartidas no marco das súas atribucións
- 2 Exercer, por delegación do presidente a representación da Fundación, sen prexuízo da representación que lle corresponde ao vicepresidente nos supostos de ausencia do presidente
- 3 Propoñer e executar as estratexias e políticas de actuación da Fundación
- 4 Dirixir, xestionar e inspeccionar, conforme as directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na práctica asistencial e demais fins da entidade
- 5 Establecer, aprobar e facer cumprir as normas de funcionamento interno da Fundación
- 6 Elaborar e propoñer ao Padroado o orzamento anual de gastos e ingresos e, se é o caso, as súas modificacións
- 7 Administrar o patrimonio segundo as leis e as atribucións conferidas polo Padroado
- 8 Ordenar os pagamentos e a xestión de tesourería de acordo cos criterios aprobados polo Padroado
- 9 Dentro dos límites establecidos polo Padroado adquirir bens e servizos e contratar obras
- 10 Propoñer ao Padroado o nomeamento e cesamento dos cargos directivos
- 11 Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado e para tal fin executar os acordos do Padroado sobre o réxime retributivo
- 12 Informar regularmente ao Padroado dos resultados da xestión, e financeiros e especialmente, preparar a memoria do exercicio e o balance da situación
- 13 Exercer, en caso de urxencia, por delegación do presidente, as accións, excepcións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación, e informar ao Padroado na primeira sesión que se realice



14 Calquera outra función que lle delegue o Padroado dentro dos límites establecidos na lexislación vixente

CAPITULO III : RÉXIME PATRIMONIAL, FINANCEIRO E CONTÁBEL

Artigo 18º - O patrimonio

- 1 O patrimonio da Fundación estará constituído por todos os bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución

A súa adquisición, administración e disposición correspóndelles aos órganos da Fundación de acordo con estes estatutos

- 2 Poderán adscribírsse á Fundación bens e dereitos sen que isto implique a transmisión do seu dominio. Esta clase de bens e dereitos deberán figurar no balance da entidade polo seu valor de cesión e debidamente separados daqueles que foran adquiridos ou se adquiran no exercicio da actividade da Fundación e polo tanto, deban estar incorporados ao seu patrimonio

a) As melloras, reparacións conservación e mantemento destes bens correrán por conta da Fundación

b) A Fundación non poderá allear nin dar de baixa ningún elemento, ben ou equipo que figure en réxime de cesión sen obter, previamente a autorización dos órganos competentes para iso.

- 3 O patrimonio da Fundación quedará reflectido no inventario que lerá que revisar e aprobar anualmente o Padroado. Os bens que sexan susceptibles de inscrición, inscribíranse no Rexistro da Propiedade. Os fondos públicos e valores mobiliarios deberán depositarse nos establecementos financeiros ou na Caixa Xeral de Depósitos


- 4 Os bens que integran o patrimonio fundacional sen prexuízo dos actos necesarios para a súa xestión e administración, quedan vinculados exclusivamente ao cumprimento directo ou indirecto dos fins fundacionais

Artigo 19º - Réxime e recursos económicos

Os recursos económicos da Fundación compóñense de

a) A dotación inicial

b) Os ingresos que poidesen proceder da facturación dos seus servizos de acordo coa normativa vixente





- c) Os ingresos procedentes das sociedades filiais ou empresas en que participe
- d) Os rendementos do seu patrimonio
- e) Subvencións, axudas, doazóns, legados e herdanzas aceptados
- f) Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos
- g) Calquera outro, no marco legal aplicábel
- h) As achegas que poidan percibirse do Concello de Santiago e no seu caso dos outros Concellos que se integren na Fundación

Artigo 20º.- Confección de orzamentos, rendición de contas e memoria de actividades

- 1 Confeccionarase o orzamento correspondente ó ano seguinte, en que se recollerán, con claridade os ingresos e gastos, que deberá ser aprobado polo padroado e remitido ó protectorado, acompañado dunha memoria explicativa, antes de finalizar o exercicio anterior
- 2 As contas anuais serán aprobadas polo padroado da fundación e un exemplar do balance da conta de resultados da memoria anual e do inventario do ano precedente serán enviados anualmente ó protectorado, dentro do prazo dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio acompañados da certificación expresiva de que todos eles son fiel reflexo da contabilidade
- 3 Se a Fundación se encontra dentro dos requisitos legais establecidos, as contas anuais someteranse á auditoría externa, remitindo ó protectorado o informe dela xunto coas contas
- 4 A Fundación só poderá concertar operacións de crédito por necesidades de tesourería por un período de amortización de capital e xurís inferior a un ano, e sempre que se destine o seu importe aos fins da Fundación, sen superar o límite máximo que para cada exercicio establece a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
- 5 Na contratación, a Fundación respectará, en todo caso, os principios de publicidade e concorrência, e rexerase polas previsións contidas ao respecto na lexislación sobre contratos das administracións públicas

Artigo 21º - Réxime contábel e control financeiro

A actividade contábel axustarase as normas de contabilidade xeral e ás exigencias da lexislación fiscal que sexan de aplicación



A Fundación levará aqueles libros que sexan convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade. Será, en todo caso necesario formular e leva-los seguintes libros e documentación:

- a) Inventario-balance.
- b) Memoria.
- c) Orzamentos e a súa liquidación
- d) Libro diario.
- e) Libro de actas



CAPÍTULO IV - RÉXIME DO PERSOAL

Artigo 22º.- Réxime do persoal

- 1 O réxime xurídico do persoal da Fundación será de carácter laboral, coas garantías que establece para este efecto o Estatuto dos traballadores e demais normas laborais
- 2 A Fundación deberá aplicar, en calquera caso, aos sistemas de selección do persoal ao seu servizo os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade
- 3 Procurarase a incorporación de voluntariado á actividade da Fundación na forma que determine a Lei de Voluntariado. Asímismo facilitarase que o alumnado de Ciclos Formativos ou da Universidade poidan realizar actividades formativas no marco da Fundación

CAPÍTULO V- EXTINCIÓN

Artigo 23º.- Extinción da Fundación

- 1 A Fundación extinguirase:
 - a) Cando se realizara integramente o fin fundacional
 - b) Cando sexa imposible a realización do fin fundacional
 - c) Cando así resulte da fusión con outra Fundación
 - d) Cando conorra calquera outra causa establecida na lexislación
 - e) Por acordo dos membros do padroado que requirirá a ratificación do protectorado

Artigo 24.- Liquidación

- 1 A extinción da fundación, determinará a apertura do procedemento de liquidación, que se realizará polo Padroado baixo o control do Protectorado
- 2 Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas ou públicas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens (mesmo para o suposto da súa disolución) á consecución daqueles. Corresponde ó padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente



CONCELLO DE
SANTIAGO

CLAUSULA ADICIONAL

En todo caso, o previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ó Protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións a que a fundación expresamente se sómete

DILIXENCIA

Para facer constar que os presentes Estatutos da Fundación Refuxio de Animais foron aprobados na sesión plenaria do 30 de marzo de 2006

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2006

Alcalde Xeral do Pleno

Alc. Francisco Javier Castiella Izquierdo